

COLOSSAL

[Nacho Vigalondo, 2016]

258

ESTREA EN NUMAX: 07.07.2017 | V.O.S.E. | +12

Colossal (2016, 109')

Dirección: Nacho Vigalondo

Guión: Nacho Vigalondo

Elenco: Anne Hathaway, Dan Stevens, Jason Sudeikis, Austin Stowell, Tim Blake Nelson, Agam Darshi, Hannah Cheramy, Christine Lee

Son: Adam Stein

Montaxe: Ben Baudhuin, Luke Doolan

Vestuario: Antoinette Messam

Fotografía: Eric Kress

Música: Bear McCreary

Produtoras: Legion M, Route One Entertainment (Estados Unidos), Toy Fight Productions, Brightlight Pictures (Canadá), Sayaka Producciones Audiovisuales (España)

Distribuidora: Versus Entertainment

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Austin Fantastic Fest 2016 (mellor filme), Toronto 2016 (Sección Oficial), Donostia 2016 (Fóra de concurso), Sundance 2017 (Spotlight), SXSW 2017 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Open Windows, 2014

Carlota, 2013 [curtametraxe]

Extraterrestre, 2011

Tres relatos de ciencia ficción, 2010 [curtametraxe]

Marisa, 2009 [curtametraxe]

Los cronocrímenes, 2007

7:35 de la mañana, 2003 [curtametraxe]

SINOPSE

Gloria (Anne Hathaway) decide deixar Nova York e regresar á súa cidade natal tras ter perdido o seu traballo e o seu mozo. Mais, cando nas noticias informan de que un monstro xigantesco está a destruír Seúl, Gloria decátase de que, a través da súa mente, está conectada de forma estraña con estes acontecementos. Para evitar que a destrución vaia a máis terá que averiguar o papel da súa insignificante existencia nun evento colosal que podería mudar o destino do mundo.

«Hai momentos tan extravagantes e divertidos que dan ganas de aplaudir»

Oti Rodríguez Marchante, ABC



“A verdade dálle unha cor incomparábel ás narracións”

Entrevista a Nacho Vigalondo

Por John Tones

Dáme a impresión de que, por vez primeira, viviches unha rodaxe máis tranquila e sosegada que outras veces.

Foi un camiño de rosas. Nas entrevistas sempre che gustaría contar historias ao Herzog sobre como se conseguen erguer esta epopea, mais o certo é que cando conseguiu a complicidade de Jason Sudeikis e Anne Hathaway, o filme púxose a andar só. Os tempos respectáronse ben e xa estou disposto a asumir que non hei volver pasar por unha experiencia tan fermosa como a deste filme.

Desde as primeiras etapas da escrita do guión, a orixinal idea da que parte o argumento era a mesma? A primeira versión do guión titulábase «Santander» e basicamente era a traslación xeográfica a España do que se acabou vendo en *Colossal*. No canto da dialéctica entre Nova York e un pobo das aforas, era entre Madrid e Cabezón de la Sal. Basicamente os temas e os mecanismos eran os mesmos.

E o único cambio que tiveches que afrontar foi o xeográfico á hora de rodar nos Estados Unidos? O que fixo que o filme sexa tan fiel á formulación orixinal, dígocho moi claro, foi a complicidade de Anne Hathaway, que o leu e quixo rodalo tal cal. A partir de que ela se involucra e que xa non é a idea dun tipo que hai en España, senón que é un filme de Anne Hathaway, as produtoras que hai detrás non queren contradicila. Se o filme se mantivo tan puro até o remate foi en gran medida grazas a ela.

Sempre foi ela a primeira opción de cásting? As primeiras opcións que me chegaron para Gloria e Oscar foron Anne Hathaway e Jason Sudeikis. Nun momento dado podes querer certificar que es director de cinema abrindo outras opcións, ou queres demostrarte a ti propio que tes o control da situación sopesando alternativas... pero é que esa parella protagonista era perfecta! Cando me chegaron eses dous primeiros nomes vino clarísimo, non se me ocorrían mellores propostas. Non só polo talento en cámara ou pola intelixencia que emanan ao seren os dous humoristas, senón polo feito de que ambos aluden a un tipo de cinema ao que este filme, de certo xeito, ataca. Mesmo aluden a darlle ao filme un toque metalingüístico, a que este pareza tamén nese aspecto algo que non é.

Dá a impresión de que *Colossal* ten unha compoñente máis persoal que outros filmes teus. En todos os meus filmes hai sempre un elemento

autobiográfico, até nos máis tolos, pero neste máis ca en ningún. E coido que é saudábel. Non penso que a miña vida sexa algo para ser contado, mais creo que toda película e todo director fan ben en nutrirse da verdade. Porque a verdade dálle unha cor incomparábel ás narracións. É un exercicio que na literatura non se cuestiona: vemos lóxico que Philip Roth ou Stephen King tiren da súa vida para construír ficcións e eu creo que nos filmes tamén se aplica.

Mais as cousas que contas son moi delicadas... Hai unha mestura de cousas que vivín e cousas que non quero vivir. O personaxe de Anne Hathaway son eu, mais el é o tipo de persoa que eu creo que sería se a miña vida fose lixeiramente distinta. Se no canto de ter a sorte que tiven traballando no cinema fóra do meu pobo tivese quedado alí cun traballo que non fose satisfactorio, teríame convertido no personaxe de Sudeikis.

Aínda así, e dramas aparte, o filme non deixa de ser unha aventura de monstros xigantes. Si, por riba de calquera outra cousa o combustíbel do filme foi a excitación por ver un monstro xigante destruindo unha cidade mentres alguén borracho cae nun parque.

Publicado en: www.eldiario.es/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX